

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 26 de maio de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de abril de 2025.
- \* Aprobación da modificación da normativa de profesorado substituto da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación das prórrogas de comisión de servizos de María Magdalena Cid Fernández e Santiago Lago Peñas.
- \* Aprobación da prórroga do plan de docencia en galego para o curso 2025/26.
- \* Aprobación da creación dunha praza de TU dentro do 15% da OEP do 2023.
- \* Aprobación da proposta de memoria dos mestrados de formación permanente: Ciberintelixencia e Ciberoperacións en Sectores Estratéxicos para a Seguridade Nacional e Enfermería de Práctica Avanzada en Urxencias e Coidados Intensivos.
- \* Aprobación da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2026/2027.
- \* Aprobación do Regulamento de estudos de mestrado universitario da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da modificación do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de doutoramento.
- \* Aprobación do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2025/2026.
- \* Aprobación da incorporación para o curso 2025/2026 dos parámetros de ponderación para a admisión nos seguintes catro Programas de Simultaneidade de Estudos: Grao en Enxeñaría Agraria e o Grao en Ciencias Ambientais (UVIGO), Grao en Enxeñaría Agraria e o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (UVIGO), Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Intelixencia Artificial (UVIGO), e Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos (UDC).
- \* Aprobación dos parámetros de ponderación para a admisión no SUG no curso 2026/2027.
- \* Aprobación do Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.

- \* Aprobación da non continuidade da Universidade de Vigo como membro institucional da Asociación de Universidades del Estado Español con Titulaciones Oficiales de Traducción e Interpretación (AUnETI).

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.